

**RESOLUCIÓN DE 16 DE NOVIEMBRE DE 2002 POLA QUE SE PROHIBE A ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA COMO CONSECUENCIA DO ACCIDENTE DO BUQUE PETROLEIRO "PRESTIGE"**

A presente resolución ten por obxecto prohibir as actividades pesqueiras e marisqueiras, dentro do ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, na zona afectada polo derrame provocado polo accidente do buque petroleiro "PRESTIGE" co dobre motivo de evitar que cheguen ó mercado produtos pesqueiros e marisqueiros en condicións non aptas para o consumo humano e evitar que as faenas pesqueiras e marisqueiras na zona dificulten as tarefas de loita contra a contaminación.

Polo anteriormente exposto e polas competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Queda prohibida toda actividade pesqueira e marisqueira, no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco (A Coruña)

Poderase considerar afectada por esta resolución a flota censada na modalidade de artes menores con porto base na zona prohibida.

En virtude de nova resolución poderase amplia-lo alcance da prohibición en canto á zona e ás modalidades de pesca. Así mesmo, poderase acorda-lo levantamento da prohibición naquelas zonas que non resulten afectadas ou nas que a evolución da súa situación o permita.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2002

O CONSELLEIRO



Asdo.: Enrique Cesar López Veiga

**RESOLUCIÓN DE 18 DE NOVIEMBRE DE 2002 POLA QUE SE AMPLIA A ZONA DE PROHIBICIÓN ESTABLECIDA NA RESOLUCIÓN DE 16 DE NOVIEMBRE DE 2002.**

A resolución de 16 de novembro de 2002 establecía como zona de prohibición da actividade pesqueira e marisqueira a zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco ( A Coruña) como consecuencia do derrame provocado polo accidente do buque petrolero "Prestige".

A citada resolución contemplaba a posibilidade de que se ampliase o alcance da prohibición en canto ás modalidades de pesca e a zona, en función da evolución do verquido. Tendo en consideración que o verquido afectou a mais zonas e modalidades que as previstas inicialmente, procede ampliar a prohibición establecida na citada resolución.

Polo anteriormente exposto e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Amplia-la zona de prohibición ata o Cabo Prioriño para a actividade pesqueira, quedando esta prohibición comprendida entre Cabo Fisterra e Cabo Prioriño.

**SEGUNDO.** En canto ás modalidades de pesca, engadese a prohibición de exercer-la actividade pesqueira á flota censada na modalidade de cerco que teñan o seu porto base na zona prohibida.



**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

**TÉRCEIRO.** Polo que respecta á actividade marisqueira, a prohibición mantense nos límites xeográficos establecidos na resolución do 16 de novembro do 2002.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2002

O CONSELLEIRO

Asd: Enrique Cesar López Veiga



**RESOLUCIÓN DO 20 DE NOVEMBRO DE 2002 POLA QUE SE AMPLÍA A MODALIDADE DE PESCA ESTABLECIDA NAS RESOLUCIÓNS DO 16 E 18 DE NOVEMBRO DE 2002.**

A resolución de 16 de novembro de 2002 establecía como zona de prohibición da actividade pesqueira e marisqueira a zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco (A Coruña) como consecuencia do derrame provocado polo accidente do buque petroleiro "Prestige".

A citada resolución contemplaba a posibilidade de que se ampliase o alcance da prohibición en canto ás modalidades de pesca e a zona, en función da evolución do verquido.

Tendo en consideración que o verquido afectou a mais zonas e modalidades que as previstas inicialmente, procedeuse a ampliar por resolución de 18 de novembro de 2002 a prohibición establecida na citada resolución, ata o Cabo Prioriño para a actividade pesqueira, quedando esta prohibición comprendida entre Cabo Fisterra e Cabo Prioriño. En canto ás modalidades de pesca, prohibiuse exercer a actividade pesqueira á flota censada na modalidade de cerco que teñan o seu porto base na zona prohibida.

Dado que o verquido afectou a máis modalidades que as previstas inicialmente, procede ampliar a prohibición do exercicio de actividade pesqueira para a flota censada nas modalidades de palangre, volantas e rascos que teñan o seu porto base na zona prohibida e nas augas competencia da Comunidade Autónoma.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Amplia-la prohibición das modalidades de pesca, engadindo a prohibición de exercer a actividade pesqueira ás flotas censadas nas modalidades de palangre, rascos e volantas.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2002



XUNTA DE GALICIA  
O CONSELLEIRO  
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS  
O CONSELLEIRO  
Enrique Besar López Veiga

REGISTRO DE ENTRADA  
Nº 3223

**RESOLUCIÓN DO 21 DE NOVEMBRO DE 2002, POLA QUE SE AMPLÍAN AS ZONAS DE PROHIBICIÓN PARA A ACTIVIDADE PESUEIRA E MARISQUEIRA ESTABLECIDAS NAS RESOLUCIÓNS DE 16 E 18 DE NOVEMBRO DE 2002.**

Tendo en conta que a evolución da contaminación mariña producida polo accidente do buque petroleiro "Prestige" está afectando a mais zonas das inicialmente previstas nas Resolucións do 16 e 18 de novembro de 2002, compre ampliar as zonas de prohibición establecidas para a actividade pesqueira e marisqueira.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Ampliar a zona de prohibición para a actividade marisqueira dende Seixo Branco ata Monte Louro.

**Segundo:** Ampliar a zona de prohibición para a actividade pesqueira dende Prioriño ata Ribeira, afectando esta prohibición ás flotas censadas nas modalidades de artes menores, cerco, palangre, rascos e volantas.

Santiago, 21 de novembro de 2002

O CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



D. CONSELLEIRO  
do. : Enrique César López Veiga



**RESOLUCIÓN DO 22 DE NOVEMBRO DE 2002 POLA QUE SE PROHIBE A ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA COMO CONSECUCENCIA DO ACCIDENTE DO BUQUE PETROLEIRO "PRESTIGE"**

As resolucións de 16, 18, 20 e 21 de novembro de 2002 establecían as zonas de prohibición da actividade pesqueira e marisqueira e as modalidades de pesca en función da evolución dos verquidos ocasionados polo buque petroleiro "PRESTIGE" co dobre motivo de evitar que chegaran ó mercado produtos pesqueiros e marisqueiros en condicións non aptas para o consumo humano e evitar que as faenas pesqueiras e marisqueiras dificultaran as tarefas de loita contra a contaminación.

A primeira resolución contemplaba a posibilidade de que se ampliase o alcance da prohibición en canto ás modalidades de pesca e a zona, en función da evolución do verquido.

Tendo en consideración que ata día de hoxe dictáronse tres resolucións ampliando as zonas e modalidades de pesca e de marisqueo en función da evolución do verquido, dictase a presente resolución co fin de clarificar e refundir nunha soa resolución o alcance da prohibición do exercicio da actividade pesqueira e marisqueira nas augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Queda prohibida toda actividade marisqueira dende o meridiano que pasa pola Punta Seixo Blanco ata o paralelo que pasa por Punta Carreiro.

**SEGUNDO.** Queda prohibida toda actividade pesqueira para as flotas censadas nas modalidades de artes menores, cerco, palangre, rascos e volantas dende o meridiano que pasa polo Cabo Prioriño Grande ata o paralelo Punta Falcoeiro, e que teñan porto base na zona prohibida ou no porto de Ribeira.

**TERCEIRO.** Queda prohibida a actividade de extracción de percebe contida no plan de explotación do percebe aprobado pola Orde do 27 de decembro de 2001 para a Confraría de Porto do Son.

**CUARTO.** Non obstante o establecido no punto segundo, aquela embarcación que teña o seu porto base na zona prohibida, e pretenda faenar noutra zona autorizada para o exercicio da actividade pesqueira, poderá exercer-la súa actividade e faenar de conformidade coa normativa vixente.


**QUINTO.** En virtude de nova resolución poderase amplia-lo alcance da prohibición en canto á zona e ás modalidades de pesca.



Así mesmo, poderase acordar o levantamento da prohibición para aquelas zonas ou modalidades de pesca que non resulten afectadas ou nas que a evolución da súa situación o permita.

**SEXTO.** A presente resolución refunde nunha soa as anteriores resolucións de datas 16, 18, 20 e 21 de novembro de 2002.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2002

  
CONSELLEIRO  
D CONSELLERÍA  
de Pesca e Asuntos Marítimos  
César López Veiga

**RESOLUCIÓN DO 24 DE NOVEMBRO DE 2002, POLA QUE SE AMPLÍA A ZONA DE PROHIBICIÓN PARA A ACTIVIDADE PESQUEIRA ESTABLECIDA NA RESOLUCIÓN DO 22 DE NOVEMBRO DE 2002.**

Tendo en conta que a evolución do verquido producido polo accidente do buque petroleiro "PRESTIGE" está afectando a unha zona maior da prevista na resolución do 22 de novembro de 2002, compre ampliar a zona de prohibición establecida na citada resolución para a actividade pesqueira.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Ampliar a zona de prohibición para a actividade pesqueira dende o meridiano que pasa polo Cabo Prioriño Grande ata o meridiano que pasa por Punta Candelaria, afectando esta prohibición ás flotas censadas nas modalidades de artes menores, cerco, palangre, rascos e volantas e que teñan porto base na zona prohibida.

**SEGUNDO.** Aquela embarcación que teña o seu porto base na zona prohibida no apartado anterior, e pretenda faenar noutra zona autorizada para o exercicio da actividade pesqueira, poderá exercer-la súa actividade e faenar de conformidade coa normativa vixente.

Santiago, 24 de novembro de 2002

O CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



Asdo.: Enrique César López Veiga

**RESOLUCIÓN DO 1 DE DECEMBRO DE 2002, POLA QUE SE AMPLÍA A ZONA DE PROHIBICIÓN PARA A ACTIVIDADE MARISQUEIRA ESTABLECIDA NA RESOLUCIÓN DO 22 DE NOVEMBRO DE 2002.**

Tendo en conta que a evolución do verquido producido polo accidente do buque petroleiro "PRESTIGE" está afectando a unha zona maior da prevista na resolución do 22 de novembro de 2002, compre ampliar as zonas de prohibición establecidas na citada resolución para a actividade marisqueira.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Queda prohibida toda actividade marisqueira nas rías de Ferrol e Cedeira.

**SEGUNDO.** Queda prohibida a actividade de extracción de percebe contida nos plans de explotación do percebe aprobados pola Orde do 28 de decembro de 2001 para as Confrarías de Ferrol e Cedeira.

Santiago, 1 de decembro de 2002

O CONSELLER DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



Asde. Enche César López Veiga



**RESOLUCIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2002, POLA QUE SE  
AMPLÍA A ZONA DE PROHIBICIÓN PARA A ACTIVIDADE  
MARISQUEIRA ESTABLECIDA NAS RESOLUCIÓNS DO 22 DE  
NOVEMBRO E 1 DE DECEMBRO DE 2002.**

Tendo en conta que a evolución do verquido producido polo accidente do buque petroleiro "PRESTIGE" está afectando a unha zona maior das previstas nas resolucións do 22 de novembro e de 1 de decembro de 2002, compre ampliar as zonas de prohibición establecidas nas citadas resolucións para a actividade marisqueira.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Queda prohibida a actividade de extracción de percebe contida nos plans de explotación do percebe aprobados pola Orde do 28 de decembro de 2001 para as Confrarías de Aguiño e Ribeira.

Santiago, 2 de decembro de 2002

O CONSELLEIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Asdo.: Enrique César López Veiga

**RESOLUCIÓN DO 4 DE DECEMBRO DE 2002 POLA QUE SE PROHIBE A ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA COMO CONSECUENCIA DO ACCIDENTE DO BUQUE PETROLEIRO "PRESTIGE"**

As resolucións dictadas ata o día de hoxe pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos establecían as zonas de prohibición da actividade pesqueira e marisqueira e as modalidades de pesca en función da evolución dos verquidos ocasionados polo buque petroleiro "PRESTIGE" co dobre motivo de evitar que chegaran ó mercado produtos pesqueiros e marisqueiros en condicións non aptas para o consumo humano e evitar que as faenas pesqueiras e marisqueiras dificultaran as tarefas de loita contra a contaminación.

A primeira resolución contemplaba a posibilidade que se ampliase o alcance da prohibición en canto ás modalidades de pesca e a zona, en función da evolución do verquido.

Ante a evolución do vertido ó longo destes últimos días, e fundamentalmente a desagregación e dispersión do mesmo acontecida o día de onte, que conlevou a participación dos profesionais de distintos sectores da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola nas labores de loita contra a contaminación, levando a cabo accións de recollida do vertido, aconsellan tomar cautelamente a decisión de peche da actividade pesqueira e marisqueira en augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar, deste xeito, a participación e colaboración do sector nas accións de loita contra a contaminación.



A presente resolución pretende, así mesmo, determinar con claridade e refundir nunha soa disposición o alcance da prohibición do exercicio da actividade pesqueira e marisqueira nas augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Queda prohibida cautelarmente toda actividade marisqueira dende o meridiano que pasa pola Punta Seixo Blanco ata a desembocadura do río Miño.

**SEGUNDO.** Queda prohibida cautelarmente toda actividade marisqueira nas rías de Ferrol e Cedeira.

**TERCEIRO.** Queda prohibida a actividade de extracción de percebe contida nos plans de explotación do percebe aprobados pola Orde do 28 de decembro de 2001 para as Confrarías de Ferrol e Cedeira.

**CUARTO.** Queda prohibida cautelarmente toda actividade pesqueira para as flotas consadas nas modalidades de arrastre, artes menores, cerco, palangre, rascos e volantas dende o meridiano que pasa por Punta Candelaria ata a desembocadura do río Miño, e que teñan porto base na zona prohibida.



**QUINTO.** Non obstante o anteriormente establecido no punto segundo, aquela embarcación que teña o seu porto base na zona prohibida e pretenda faenar noutra zona autorizada para o exercicio da actividade pesqueira, poderá exercer a súa actividade e faenar de conformidade coa normativa vixente.

**SEXTO.** En virtude de nova resolución poderase ampliar o alcance da prohibición en canto a zona e as modalidades de pesca e marisqueo.

Así mesmo, poderase acordar o levantamento da prohibición para aquelas zonas ou modalidades de pesca e marisqueo que non resulten afectadas ou nas que a evolución da súa situación o permita.

**SÉTIMO** A presente resolución refunde nunha soa as anteriores resolucións de datas 16, 18, 20, 21, 22 e 24 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2002.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2002

O CONSELLERO,



Asdo: Enrique López Velga

**RESOLUCIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2002, POLA QUE SE PROHIBE A EXTRACCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS NO POLÍGONO "B" DO DISTRITO MARÍTIMO DE CORME COMO CONSECUENCIA DOS VERTIDOS PROCEDENTES DO BUQUE "PRESTIGE".**

Tendo en conta a situación ocasionada polos vertidos contaminantes procedentes do buque "Prestige", a vista dos controis analíticos establecidos nas diversas zonas de produción e en previsión dos riscos que poidera supoñer a chegada ó mercado de produtos procedentes de viveiros de cultivos mariños en condicións non aptas para o consumo humano, resulta necesario adoptar medidas de carácter preventivo ata que, unha vez realizados os análisis oportunos, exista a total garantía de que os referidos produtos ofrecen a seguridade necesaria para o seu consumo.

En consecuencia, e tendo en conta o disposto no art. 68 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia,

**RESOLVO:**

Prohibir a extracción de moluscos bivalvos cultivados en viveiros flotantes no polígono "B" do distrito marítimo de Corme, ubicado na ría de Corme, Laxe, na provincia da Coruña.

Santiago, 11 de decembro de 2002

O CONSELLERIRO DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



César López Veiga



***Resolución do día 30 de xaneiro do 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade marisqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige.***

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige, por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade marisqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade marisqueira á evolución da situación, na que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Nestes momentos, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, logo da consulta co sector realizada en xuntanza celebrada o día 24 de xaneiro de 2003, aconsellan reconsiderar a situación do exercicio da actividade marisqueira

Polo anteriormente exposto e en virtude das competencias que teño conferidas

**RESOLVO**

**Primeiro.** Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade marisqueira para a zona comprendida entre a desembocadura do río Miño ata o paralelo que pasa pola Punta Carreiro.


**Segundo.** Na zona anteriormente citada, mantense a prohibición da actividade de extracción de recursos específicos aprobados pola Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2003.

**Terceiro.** Mantense a prohibición do exercicio da actividade pesqueira entre a desembocadura do río Miño ata o meridiano que pasa por Punta Candelaria.

**Cuarto.** Mantense a prohibición da actividade marisqueira entre paralelo que pasa pola Punta Carreiro ata o meridiano que pasa pola Punta Seixo Blanco así como na ría de Ferrol e Cedeira e a extracción de percebe contida nos plans de explotación do percebe aprobados pola Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2003.

**Quinto.** A presente resolución entrará en vigor o día 1 de febreiro do 2003.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2003.

  
O Conselleiro  
Ad: Emilio César López Veiga

**Resolución do 25 de febreiro de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige.**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade pesqueira á evolución da situación, na que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Nestes momentos, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellan reconsiderar a situación do exercicio da actividade pesqueira.

Polo anteriormente exposto, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO,**

**Primeiro.-** Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade pesqueira nas Rías de Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros-Noia por dentro do Anexo II para aquelas artes e embarcacións que sexan autorizadas por resolución expresa da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

**Segundo.-** A presente resolución entrará en vigor o día 27 de febreiro de 2003.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2003



O CONSELLEIRO

Firma de César López Veiga

**Resolución do 13 de marzo de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira e marisqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige.**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira e marisqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade pesqueira e marisqueira á evolución da situación, na que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Nestes momentos, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellan reconsiderar a situación do exercicio da actividade pesqueira e marisqueira.

Polo anteriormente exposto, unha vez oído o sector, e en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO**

**Primeiro.**- Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade pesqueira nas Rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo por dentro do Anexo I para aquelas artes ou oficios que se relacionan no anexo A.

**Segundo.**- Nas zonas anteriormente citadas levántase a prohibición da actividade de extracción dos recursos específicos navalla/longueirón aprobados pola Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2003, que se relacionan no anexo B.

**Terceiro.**- Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Silleiro e a desembocadura do río Miño para todas aquelas artes e aparellos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Cuarto.**- A presente resolución entrará en vigor o día 17 de marzo de 2003.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2003.

**O Conselleiro,**

Asdo.: Enrique César López Veiga



## ANEXO A

Nasa de camarón  
Nasa de choco  
Nasa de anguía  
Rastro de vieira/zamburiña  
Rastro de camarón  
Xeito  
Bou de man  
Bou de vara  
Medio mundo

## ANEXO B

Ría de Muros-Noia:

Plan de longueirón a pé da confraría de Muros.  
Plan de navalla, longueirón e longueirón vello a pé da confraría de Portosín.

Ría de Arousa:

Plans de navalla desde embarcación e plan de longueirón vello a pé da confraría de Palmeira.  
Plan de navalla, longueirón e longueirón vello a pé e desde embarcación da confraría da Pobra.  
Plan de longueirón vello a pé da confraría de Cabo de Cruz.  
Plan de navalla e longueirón desde embarcación da confraría de Ribeira.  
Plan de longueirón a pé da confraría de Vilanova.  
Plan de navalla e longueirón vello da confraría de Cambados.

Ría de Pontevedra:

Plan conxunto de navalla e longueirón desde embarcación .  
Plan de navalla e longueirón desde embarcación da confraría de Aldán.

Ría de Vigo:

Plan de navalla e longueirón desde embarcación da confraría de Vigo.

**Resolución do 28 de marzo de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade marisqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque "Prestige".**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade marisqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Blanco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade marisqueira á evolución da situación, na que se foron ampliando as zonas de prohibición. Na resolución do 30 de xaneiro de 2003, establécese a prohibición do exercicio da actividade marisqueira dende o meridiano que pasa por Punta Seixo Blanco e o paralelo que pasa pola punta Carreiro e ademais nas Rías de Ferrol e Cedeira.

Nestes momentos a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellan reconsiderar a situación do exercicio da actividade marisqueira.

Polo anteriormente exposto, unha vez oído o sector e en virtude das competencias que teño conferidas.


**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Levantar a prohibición do exercicio da actividade marisqueira nas Rías de Cedeira, Ferrol e Ría da Coruña.

**Segundo.-** Na zona anteriormente citada mantense a prohibición da actividade de extracción de recursos específicos aprobados pola Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se aproba o Plan xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2003.

**Terceiro.-** A presente resolución entrará en vigor o día 1 de abril de 2003.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2003



En fecho, Enrique César López Veiga.  
O CONSELLEIRO

**Resolución do 8 de abril de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira e marisqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige, por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Branco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade pesqueira á evolución da situación, na que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Posteriormente, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellaron ir levantando a prohibición da actividade nalgúns zonas e para determinadas artes ou oficios.

Vistos os últimos resultados das mostraxes realizadas nas augas interiores próximas ás bocas das rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo,

Examinadas as diferentes propostas de aperturas remitidas polo sector e oído o mesmo en reunións celebradas coas confrarías, agrupadas por rías, a petición propia,

Consultado o Ministerio de Defensa, encargado de coordinar os labores de limpeza e recollida de fuel,

É polo que, en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade pesqueira con tódalas artes e aparellos autorizados agás o cerco, nas augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia abranguidas entre o paralelo que pasa por Punta Insua (Faro Lariño) e a desembocadura do río Miño.

**Segundo.-** Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade no que se refire á explotación dos recursos específicos aprobados pola Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisquera, estando pendente a apertura de cada plan específico de que pola Dirección Xeral de Recursos Mariños se dicte resolución expresa en función dos resultados das análises das mostrax.

**Terceiro.-** Naquelas zonas onde se estén a realizar tarefas de limpeza con técnicas de mergullo non se poderá exercer a actividade pesqueira e marisqueira e terase especial coidado de non entorpecer a realización das mesmas.

**Cuarto.-** A presente resolución entrará en vigor para tódalas artes e aparellos o día 14 de abril de 2003, agás os miños e os rascos que poderán ser calados o día 13.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2003





**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Edificio Administrativo San Caetano • SANTIAGO • Teléfonos 981 54 40 01 - 981 54 40 03 • Fax 981 54 50 06

**Resolución do 29 de abril de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige, por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Branco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade pesqueira á evolución da situación, nas que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Posteriormente, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellaron ir levantando a prohibición da actividade nas algunhas zonas e para determinadas artes u oficios.

Vistos os últimos resultados das mostraxes realizadas nas augas interiores na zona do golfo Ártabro e zonas contiguas, examinadas as diferentes propostas de aperturas remitidas polo sector, e oído o mesmo en reunións celebrada coas confrarías afectadas.

É polo que, en virtude das competencias que teño conferidas,

**RESOLVO**

**Primeiro.**- Levántase a prohibición do exercicio da actividade pesqueira con tódalas artes e aparellos autorizados, nas





augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia abrangidas entre o meridiano que pasa por Punta Langosteira e o meridiano que pasa por Punta Candelaria.

**Segundo.-** Levántase a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na modalidade de cerco nas seguintes zonas:

- Entre o meridiano que pasa por Punta Langosteira e o meridiano que pasa por Punta Candelaria.
- Entre o paralelo que pasa por Punta Insua (Faro Lariño) e a desembocadura do río Miño.

**Terceiro.-** Mantense a prohibición do exercicio da actividade pesqueira con tódalas artes na zona comprendida entre o meridiano que pasa por Punta Langosteira e o paralelo que pasa por Punta Insua (Faro Lariño).

**Cuarto.** Non obstante o anterior, aquelas embarcacións que se adiquen a actividade pesqueira na modalidade de cerco e que teñan o seu porto base na zona onde se mantén a prohibición, poderán exercer a actividade pesqueira nas zonas onde se levantou a prohibición.

**Quinto.-** A presente resolución entrará en vigor o día 1 de maio.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2003



D. CONSELLEIRO  
Asda. Enrique Jesús López Veiga



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE PESCA**  
**E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Edificio Administrativo San Caetano  
 15771 Santiago de Compostela  
 Teléfonos 981 544 001 - 981 544 003 - Fax 981 545 006

**Resolución do 28 de maio de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira coa modalidade de cerco nunha das zonas afectadas polo accidente do buque *Prestige*.**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque *Prestige*, por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de novembro de 2002 fíxose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Branco .

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para ir adaptando as prohibicións de exercicio da actividade pesqueira á evolución da situación, nas que se foron ampliando tanto as zonas de prohibición como as modalidades afectadas.

Posteriormente a favorable evolución da situación das zonas, e as comprobacións realizadas pola Consellería, aconsellaron ir levantando a prohibición da actividade na maioría delas a tódalas artes e oficios.

Vistos os últimos resultados das mostraxes realizadas nas augas interiores, examinadas as propostas de apertura remitidas polo sector, oído o mesmo en reunión celebrada coas confrarías afectadas é polo que

En virtude das competencias que teño conferidas,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Levántase a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na modalidade de cerco nas seguintes zonas :

- Entre o meridiano que pasa por Punta Langosteira e o meridiano de lonxitude 8° 43.400 W (Punta Razo).
- Entre o paralelo que pasa por Punta Insua (Faro Lariño) e o paralelo de latitude . 43° 03.200 N (Cabo Touriñana).

**Segundo.-** Mantense a prohibición do exercicio da actividade pesqueira para o resto das artes na zona comprendida entre o meridiano que pasa por Punta Langosteira e o paralelo que pasa por Punta Insua (Faro Lariño)

**Terceiro.-** Non obstante o anterior, aquelas embarcacións que se adiquen á actividade pesqueira na modalidade de cerco e que teñan o seu porto base na zona onde se mantén a prohibición, poderán exercer a actividade nas zonas onde se levantou a prohibición .

**Cuarto.-** A presente resolución entrará en vigor o día 2 de xuño de 2003.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2003

Asdrúbal Enrique César López Veiga





## **Resolución do 30 de xuño de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige.**

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque Prestige, por resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de novembro de 2002 fixose preciso establecer a prohibición do exercicio da actividade pesqueira na zona comprendida entre Cabo Fisterra e Punta Seixo Branco.

Esta primeira resolución sufriu modificacións sucesivas para irse adaptando as prohibicións do exercicio da actividade pesqueira á evolución da situación, nas que se foron ampliando as zonas de prohibición.

Posteriormente, a favorable evolución da situación nas zonas afectadas e as comprobacións realizadas pola consellería, aconsellaron ir levantando a prohibición da actividade nalgunhas zonas e para determinadas artes ou oficios.

Vistos os últimos resultados das mostraxes realizadas nas augas interiores na zona da Costa da Morte, examinadas as diferentes propostas de aperturas remitidas polo sector, e oído o mesmo en reunión celebrada coas confrarías afectadas,

É polo que, en virtude das competencias que teño conferidas,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Queda levantada a prohibición do exercicio da actividade pesqueira con tódalas artes e aparellos autorizados, en tódalas augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Mantense a prohibición da actividade marisqueira no tramo de costa comprendido entre Cabo Fisterra e Punta dos Remedios.

**Terceiro.-** Segundo o recollido no apartado segundo da resolución do 8 de abril, quedou levantada a prohibición do exercicio da actividade de explotación dos recursos específicos, estando pendente a apertura de cada plan específico por resolución expresa da Dirección Xeral de Recursos Mariños en función dos resultados das análises das mostrax.

**Cuarto.-** A presente resolución entrará en vigor o día 1 de xullo de 2003.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2003

  
O CONSELLEIRO,  
Asdo. Enrique César López Veiga

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 · San Lázaro · 15703 SANTIAGO · Teléfono 981 54 40 07 · Fax 981 54 50 25

RESOLUCIÓN DO 9 DE SETEMBRO DE 2003 DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE LEVANTA A SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS PLANS DE EXPLOTACIÓN INCLUÍDOS NA ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2002 POLA QUE SE APROBA O PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2003.

A orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 27 de decembro de 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2003, declarou en suspenso os plans correspondentes á zona afectada polas prohibicións da actividade extractiva dictadas con motivo do accidente do Prestige.

A resolución do 8 de abril de 2003 pola que se levanta a prohibición da actividade pesqueira e marisqueira en distintas zonas afectadas polo accidente do buque Prestige, resolve que queda levantada a prohibición do exercicio da actividade no que se refire á explotación dos recursos específicos aprobados pola Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira, estando pendente a apertura de cada plan de que, por esta dirección xeral, se dicte resolución expresa en función dos resultados das análises das mostras.

Vistos os informes técnicos, e en virtude das atribucións conferidas pola Orde do 27 de decembro de 2002 citada, esta dirección Xeral

**RESOLVE**

1. Levántase a suspensión que afecta ós plans de explotación do anexo I, que poderán iniciar a súa actividade trala autorización da delegación territorial.
2. Esta resolución entrará en vigor o día 15 de setembro de 2003.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2003.

**O DIRECTOR XERAL DE RECURSOS**

Mavir Pereiro Muñoz -



## ANEXO I

### Artigo 5º .- Percebe.

- ✕- Confraría de pescadores de Caión.
